

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

MODELO DE PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato é a realización da subministración dunha FURGONETA CON CAIXA ABERTA SINXELA E GRÚA HIDRÁULICA PARA BRIGADA DE OBRAS MUNICIPAL.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como o establece o artigo 9 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, de contratos do sector público.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato obxecto do presente prego será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición e no que queda excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e coa cláusula novena deste prego.

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.concellodevedra.com

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de CINCUENTA E SEIS MIL CENTO CATORCE EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (#56.114,73#). O prezo certo anterior queda desagregado nun valor estimado de CORENTA E SEIS MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (#46.375,81#) e NOVE MIL SETECENTOS TRINTA E OITO EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (#9.738,92#) de IVE.

O importe aboarase con cargo á partida 453-624 do vixente orzamento municipal; existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo concello e quedando acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato

80% con cargo á Deputación Provincial de A Coruña (Convenio 2014/14).

20% con recursos propios.

Entenderase que as ofertas dos licitadores comprenden tanti o prezo do contrato como os gastos da entrega e transportes dos bens obxecto da subministración, o imposto sobre do valor engadido e demais tributos aplicables segundo as disposicións vixentes. A cantidade correspondente ao IVE figurará como partida independente.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A relación contractual entre o adxudicatario e o concello estenderase dende a data de notificación da adxudicación ata a devolución da garantía definitiva ao adxudicatario.

O prazo de entrega do subministro é o establecido na cláusula 6 do prego de prescricións técnicas.

O vehículo deberá atoparse en disposición de ser inmediatamente utilizado polo Concello de Vedra, e en partircular, deberá atoparse provisto do permiso de circulación e matriculado conforme á lexislación vixente.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a. Dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b. Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c. **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia** nalguna das **prohibicións para contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a. Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

3. A **solvencia do empresario:**

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de subministración, a **solvencia técnica** dos empresarios poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

a) Unha relación das principais subministracións dos tres últimos anos na que se indique o seu importe, a data e o destinatario público ou privado delas. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do estado en que o empresario está establecido, sempre que medie acordo do devandito organismo, cando os produtos que se van subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e investigación cos que conta, así como sobre das medidas empregadas para controlar a calidade.

e) Mostras, descrições e fotografías dos produtos que se van subministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante.

f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

Nos contratos de subministración que requiran obras de colocación ou instalación, a prestación de servizos ou a execución de obras, a capacidade dos operadores económicos para prestar os devanditos servizos ou executar a devandita instalación ou obras poderá avaliarse tendo en conta especialmente os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade.

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

As ofertas presentaranse na Casa do Concello, sita na Avd. M. M. Gómez Lorenzo, nº 1 -15885 Vedra, en horario de atención ao público, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e no perfil do contratante.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concurrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se xa o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «*Proposición para licitar á contratación de subministración dunha furgoneta con caixa aberta sinxela e grúa hidráulica para a brigada de obras municipal*». A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación administrativa.
- Sobre «B»: Proposición económica e referencias técnicas.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

SOBRE «A»

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA¹

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.
- b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán unha copia notarial do poder de representación, verificado polo secretario da corporación.

— Se o licitador fose unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación, deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta.

d) Documentos que acrediten a clasificación da empresa, se é o caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa estivese pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para iso; deberase xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

¹

**CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA
ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE
ADXUDICACIÓN**

f) Xustificante de constitución da garantía provisional.

g) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

SOBRE «B»

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E REFERENCIAS TÉCNICAS

a) Proposición económica.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI núm. _____, en representación da entidade _____, con CIF núm. _____, informado do expediente para a contratación da subministración de _____, por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, anunciado no *Boletín Oficial da Provincia*, núm. ____, do _____, e no perfil do contratante, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____»

b) Referencias técnicas

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

a) Documentación técnica e referencias detalladas sobre das características do ben obxecto do subministro. Adicionalmente poderá presentar calquera outra documentación técnica que demostre a súa experiencia e servizo post-venda.

b) Melloras ofrecidas, xustificadas técnica e economicamente.

c) Certificado de asistencia técnica de que dispón a empresa para o mantemento do material ou reposicións durante o prazo de garantía do contrato, e programa e condicións de mantemento.

d) Declaración do compromiso de prazos de entrega, instalación e garantía da totalidade do subministro.

e) Declaración e compromiso de efectuar, no seu caso, unha revisión anual dos equipos subministrados, durante os tres anos seguintes á recepción do material que non suporá un aumento do prezo do contrato.

d) Catálogos, debuxos, folletos, fotografías ou vídeos relativos aos bens que se ofrecen.

e) Solvencia técnica: acreditarase mediante presentación dunha relación dos principios subministrados efectuados durante os tres últimos anos, indicándose o seu importe, datas e destino público ou privado.

CLÁUSULA OITAVA. Garantía provisional

Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe de 1.391,27 euros, que responderá do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato.

A garantía provisional depositarase:

— Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou na caixa ou o establecemento público equivalente das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes antes as que deban ter efecto cando se trate de garantías en efectivo.

— Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e devolverase aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

garantía reterase ao licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautarase ás empresas que retiren inxustificadamente a súa oferta antes da adxudicación.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, en cuxo caso a garantía provisional será cancelada ao mesmo tempo que se constitúe a definitiva.

CLÁUSULA NOVENA. Criterios de adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios de adxudicación:

A-	Mantemento, asistencia técnica e servizo postventa	Ata 7 puntos
B-	Melloras técnicas e funcionais	Ata 5 puntos
C-	Ampliación do prazo de garantía	Ata 4 puntos
D-	Mellora do Prezo	Ata 2 puntos
E-	Outras melloras adicionais	Ata 1,5 puntos
F	Redución prazo de entrega	Ata 1 punto

CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de contratación

Formarán parte da Mesa de Contratación os membros da Mesa de Contratación Permanente designada pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o vinte e dous de novembro de dous mil once e publicada no BOP num. 232/11, do 7 de decembro e no Perfil do Contratante : www.concellodevedra.com

Co fin de que a Mesa de Contratación poida formular a súa proposta ao órgano de contratación, e sen prexuízo de que esta poida solicitar os informes que estime oportunos, emitirase informe por unha COMISIÓN TÉCNICA ASESORA, constituída por :

-Un experto designado polo Alcaldía.

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- Dous conductores encargados.
 - Un membro da corporación designado pola Alcaldía.
- Actuando como Secretario , con voz pero sen voto, o Secretario do Concello.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos dela.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Apertura de proposicións

A mesa de contratación constituirase o 5º día hábill despois da finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12:00 horas; esta procederá a apertura dos sobres «A» e cualificará a documentación administrativa contida neles.

Se fose necesario, a mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación achegada.

Procederase despois á apertura e exame do sobre «B»,

Logo da lectura das devanditas proposicións, a mesa poderá solicitar todos os informes técnicos que considere precisos para a valoración delas de acordo cos criterios e coas ponderacións establecidas neste prego.

Á vista das valoracións obtidas polos licitadores, a mesa de contratación propoñerá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Requirimento de documentación

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa que, no prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Garantía definitiva

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban ter efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, levado a cabo na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non se devolverá ou se cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Adxudicación do contrato

Despois de recibir a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato nos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios recollidos no prego.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores e, ao mesmo tempo, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que se seleccionase a oferta deste con preferencia sobre as que presentaran os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas.

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉXTA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán ao seu cargo.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

— A Administración ten a facultade de inspeccionar e de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que teña que ser entregado como consecuencia do contrato e poderá ordenar ou realizar por si mesma análises, ensaios e probas dos materiais que se vaian empregar, establecer sistemas de control de calidade e ditar todas as disposicións que considere oportunas para o estrito cumprimento do convindo.

— O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou danos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en mora ao recibilos.

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

— Gastos esixibles ao contratista. Son por conta do contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación; de formalización do contrato, así como outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas indiquen.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Revisión de prezos

O prezo deste contrato non poderá ser obxecto de revisión.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Prazo de garantía

O Prazo de garantía será o establecido na cláusula 4 das prescricións técnicas e contarase dende a data de entrega dos bens; se neste prazo se acredita a existencia de vicios ou defectos na subministración, a Administración terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación destes se fose suficiente.

Se a Administración considerase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario, e exista a presunción de que a reposición ou reparación dos devanditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar o devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obriga de pagamento ou terá dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Despois do remate do prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Execución do contrato

O contratista está obrigado a cumprir o contrato no prazo total fixado para a realización deste, así como nos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Penalidades por incumprimento

— Cando o contratista, por causas imputables a el, incorrese en mora con respecto do cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades previstas no art. 212.4 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por atraso alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do contrato, ou para acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables a el, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imporanse penalidades que non poderán ser superiores ao 10% do orzamento do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, se houberse un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban ser aboadas ao contratista ou sobre a garantía que, se é o caso, estivese constituída, cando non se poidan deducir das devanditas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se indican neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 299 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de

**CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA
ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE
ADXUDICACIÓN**

novembro; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración, no que excedan o importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o que non estea previsto nel, será de aplicación el Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña áo Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. Ademais, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, se non, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Vedra, 8 de abril de 2014

O alcalde,

Asdo. : Carlos Martínez Carrillo